



FEDERACIÓN
GALEGA DE
MOTOCICLISMO



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

ELECCIÓN S Á ASEMBLEA XERAL, COMISIÓN DELEGADA E PRESIDENCIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MOTOCICLISMO

CONVOCATORIA

Segundo o previsto pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, *DECRETO 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas*, a Xunta Directiva da Federación Galega de Motociclismo convoca a celebración de eleccións á Asemblea Xeral, Comisión Delegada e Presidencia.

O proceso electoral levarase a cabo de acordo có disposto no Regulamento Electoral aprobado pola Asemblea Xeral en xuntanza extraordinaria celebrada o 15 de xuño pasado e ratificado pola SXD e Xunta Directiva.

A interpretación e aplicación do Regulamento Electoral corresponde á Xunta Electoral elixida por esa mesma Asemblea Xeral. A Xunta Electoral ten o seu enderezo no da Federación (r/ Fotógrafo Luis Ksado 17, ofic. 14, Vigo) ou no enderezo electrónico info@fgmoto.org aos cales deberá remitirse toda a correspondencia dirixida á Xunta Electoral ou ás mesas electorais. A composición da Xunta Electoral é a seguinte:

- ◆ Presidente: D. Carlos Alberto Pérez López
- ◆ Secretario: D. Ernesto Canoa Peralba
- ◆ Vocal: D. Manuel Jalda Hernández
- ◆ Suplentes: D^a. Annira Bermudez Rivera
D^a María Mercedes Gago Martínez
D^a. Dorinda Garaboa Paz

Os actos do proceso electoral levaranse a cabo nas datas contidas no calendario electoral anexo ó Regulamento.

As mesas electorais para a celebración das votacións estarán emprazadas no enderezo da Federación (r/ Fotógrafo Luis Ksado 17, Vigo).

Dende a publicación desta convocatoria queda exposto o censo provisional de electores e elixibles para que calquera membro da Federación poida consultalo e facer as reclamacións que estime oportunas ante a Xunta Electoral nos prazos e datas previstas que figuran no calendario electoral anexo a esta convocatoria. A consulta do censo pode facerse no taboleiro de

avisos da Federación ou na páxina web da mesma: www.fgmoto.org., no apartado “Eleccións 2018”.

As persoas que reúnan as condicións para pertencer ó censo electoral por máis dun estamento, disporán de prazo ata o 14 de setembro para manifestar por escrito ante a Xunta Electoral a súa opción por un ou outro estamento. De non facerse esa opción no indicado prazo, entenderase que a persoa queda incluída no censo que corresponda segundo a seguinte orde de preferencia: xuíces/árbitros, técnicos, deportistas.

Con carácter provisional indícase que a Asemblea Xeral estará composta trintaetres (33) membros, correspondendo ao estamento de clubs deportivos, dezanove (19), distribuídos por as especialidades que figuran nos estatutos en proporción á participación nos campionatos galegos. Estamento de Motocross, cinco (5), estamento de Trial, 3 (3), estamento de Enduro, dous (2), estamento de Velocidade, dous (2), estamento de Supercross, dous (2), estamento de Quad-moto, dous (2), estamento de Turismo, un (1), estamento de Supermotard, un (1) e estamento de Dirt track, un (1). Quedan sen representación na asemblea por falta de actividade as especialidades de Regularidade, Rally, Raid, Motoneve, Freestyle, Speedway e Moto-Ball. Ao estamento de deportistas, sete (7) (destes sete, un (1) será escollido entre os DGAN – deportistas galegos de alto nivel recoñecidos pola SXD no deporte do motociclismo), o resto dos deportistas, seis (6), serán escollidos un por cada especialidade, Velocidade, un (1), Moto-cross, un (1), Supercross, un (1), Enduro, un (1), Trial, un (1) e Quad-moto, un (1). Ao de técnicos, catro (4) e ao de xuíces/árbitros, tres (3).

Os modelos oficiais de sobres e papeletas son os que se detallan no regulamento electoral.

Coa publicación desta convocatoria electoral, a Xunta Directiva cesa nas súas funcións e queda constituída en Comisión Xestora, limitándose no sucesivo a adoptar acordos de mera administración e trámite.

Vigo, 1 de setembro de 2018.

O Presidente

